

ENLACES: PREPOSICIÓNS E CONXUNCIÓNS

Fíxate nas palabras destacada e copia só as que sexan preposicións.

Unha rapaza previsor

A miña compañeira Silvia **non** sae nunca da casa **sen** unha lanterna na mochila. A min chamoume a atención. Levábaa alí **por** un descoido **ou** habería unha causa especial? Ela mesma mo aclarou cando iamos **para** a clase. Disque cando baixa do autobús, ten que camiñar **un** treito **desde** a parada **ata** a súa casa. Algunha vez os farois iluminan **mal** a beirarrúa. Daquela, ela saca a súa lanterna **e** xa non ten problema para ver ben.



SON PREPOSICIÓNS: _____

Completa cada oración coa preposición do cadro que corresponda.

durante • para • entre • contra • deica

- Este camiño estreito chega _____ a ponte romana.
- A miña avoa Carme foi enfermeira _____ vinte anos.
- O rapaz deu un golpe _____ a porta do coche ao saír.
- Precisamos unha ducia de ovos _____ ese biscoito.
- A nosa casa queda a medio camiño _____ Soutomaior e Redondela.

1. Os enlaces que unen palabras co seu complemento son as...
a) preposicións. b) conxuncións.
2. A conxunción *ou* é...
a) adversativa. b) disxuntiva.
3. Os enlaces son palabras que...
a) cambian de xénero e de número. b) son invariables.
4. As conxuncións copulativas expresan a idea...
a) de suma. b) de opción.